



BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDAS POR ASOCIACIÓNS SOCIAIS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2025.

PRIMEIRA. OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia e na Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Burela, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2025, destinadas a promover actividades das asociacións sociais e asistenciais do Concello de Burela, de acordo cos principios de obxectividade, concorrência e publicidade.

A través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.–Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel.

- Apoio ás entidades sociais e contribuír para que consigan os obxectivos que lle son propios.
- Apoio as accións tendentes a impulsar actividades destinadas a persoas maiores, discapacitados, familiares e coidadores, emigrantes, inmigrantes e en xeral á inserción na sociedade de colectivos desfavorecidos e ao fomento da igualdade.
- Apoiar accións destinadas a fomentar a solidariedade e a concienciación da sociedade sobre as necesidades das persoas en situación precaria e socialmente vulnerables.
- Fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo, desta forma para impulsar a democratización da sociedade.

1.2.–Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

- Promover a participación da veciñanza na vida das entidades ou asociacións sociais.
- Promover a complementariedade das asociacións, que desenrolan tarefas potencialmente susceptibles de seren asumidas directamente polo propio Concello.

SEGUNDA. PROXECTOS SUBVENCIONABLES.

2.2.– Gastos subvencionables e non subvencionables

Poderán ser subvencionados os gastos vinculados ás actividades de índole social desenvolvidas polos suxeitos indicados na base cuarta.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido na convocatoria, e en particular:

- Os gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas: material fungible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionables.
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- Retribucións a persoal técnico e dos monitores que teñan unha relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade, acreditarase mediante factura ou nómina.
- Alimentos e produtos de primeira necesidade que pola natureza da asociación e do proxecto presentado sexan destinados aos socios/usuarios da mesma. Neste sentido deberán ser alimentos non perecedoiros e mercados en lotes.
- Os gastos correspondentes a colaboradores coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, dereitos de arbitraje, conferenciantes, poderán





xustificarse presentando un recibo ou minuta que conterá os seguintes datos:

- Nome, NIF e dirección da entidade.
- Nome, apelidos, NIF e dirección do monitor.
- A cantidade que recibe e a correspondente retención de IRPF.
- O concepto polo que se paga (actividade, curso)
- Datas nas que se impartiu a actividade, curso.
- Lugar e data da emisión do recibo.
- Firma do monitor ou voluntario.
- Certificación do Secretario/a da entidade declarando que o perceptor é persoa allea á entidade.
- Declaración xurada do perceptor conforme a cantidade recibida é en concepto de gratificación pola súa colaboración.

- Gastos derivados do mantemento do local onde a asociación organiza e realiza as actividades subvencionadas (aluguer, auga, luz, teléfono, consumibles, oficina).

En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán:

- Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os/as membros da asociación ou entidade social.
- Aquelas actividades/proxectos que xa estean a executarse no Concello de Burela a través dalgún contrato ou convenio de colaboración.
- As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente social.
- A realización de obras.
- As actividades que reciban subvención nominativa recollida na Base 36 das Bases de Execución.
- Os gastos directos ou indirectos de publicidade, de protocolo ou representación e de telefonía móbil.
- Impostos, xuros, recargas, sancións administrativas nin gastos de procedementos xudiciais.

2.2.– Momento de realización dos gastos financiados.

Os gastos para os que se solicite a achega municipal deberán ser efectuados entre o día 1 de xaneiro de 2025 e antes do día 19 de novembro de 2025.

TERCEIRA. ORZAMENTO.

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 17.000€ imputables á aplicación orzamentaria 2310/489

CUARTA.–BENEFICIARIOS.

Poderán optar a estas subvencións as asociacións sociais existentes no Concello de Burela, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no Concello de Burela ou ben contén polo menos cun centro de traballo operativo no Concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.





Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nin as referidas no artigo 10 da L.S. Galicia.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias, A.E.A.T. e Facenda, así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

As asociacións solicitantes deben carecer de fins de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

QUINTA.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente no rexistro electrónico do Concello de Burela (<https://burela.sedelectronica.es>), de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán solicitudes que incumpran o establecido no parágrafo anterior, téndose por non presentadas cando a entidade interesada teña a obriga de relacionarse coa administración por medios electrónicos.

2.-Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **10 DÍAS NATURAIS** dende a publicación de anuncio destas bases no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

3.-Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

4.- Publicidad.

Darase publicidade ás presentes bases polo conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo o disposto na L.X.S. O extracto das bases publicárase no BOP e na sede electrónica do Concello de Burela.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

1. DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE:

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

Solicitud de subvención de acordo co modelo previsto no ANEXO I das presentes bases. Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Declaración responsable do Presidente/a da entidade segundo o Anexo II.
- b) Breve memoria do proxecto/actividades desenroladas no ano anterior.





c) Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades por realizar
- Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto.
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.
- Autoavaliación da execución do proxecto, facendo mención aos criterios obxecto de valoración e documentación con valor probatorio de ditos criterios.

d) Imaxes (carteis, trípticos ou outros empregados para difundir o proxecto) e enlaces de publicacións en prensa e/ou redes sociais onde se mencione á Concellería de Servizos Sociais do Concello de Burela como colaboradora da actividade subvencionada.

e) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

f) Copia do NIF da entidade.

g) Copia dos estatutos da entidade

h) Certificación orixinal da entidade asinada polo secretario/a onde faga constar que dispón de sede central ou delegación permanente no concello de Burela, indicando o enderezo da mesma.

i) Certificación orixinal da entidade asinada polo secretario/a onde figuren os membros da actual xunta directiva. Certificación, no seu caso, que acredite a súa inscrición no rexistro correspondente.

j) Declaración xurada do representante legal da entidade conforme non recibiu ningunha outra axuda, subvención ou patrocinio doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas para a mesma actuación/actividade.

k) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

2. TRAMITACIÓN:

Constituirase unha Comisión de Valoración presidida polo Alcalde, ou persoa en quen delegue, e integrada polos/as seguintes vogais:

- Concelleira-delegada da área de Servizos Sociais.
- Traballadora social do concello de Burela.
- Actuando como secretaria a Educadora Familiar.

A Comisión de Valoración encargada da instrución do procedemento, avaliará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran nas presentes bases e a documentación aportada polas asociacións. Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resolto pola Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración realizará o procedemento de asignación da puntuación a cada asociación solicitante en base á documentación aportada. En función da puntuación determinarase a contía económica correspondente a cada entidade solicitante.





No caso de non presentar algún dos documentos e xustificacións que se sinalan no apartado anterior das bases desta convocatoria, polo órgano instrutor comunicárase ao interesado concedéndolle un prazo de dez días para que poida achegar os documentos requiridos. Transcorrido devandito prazo poderáselle excluír da convocatoria e procederase ao arquivo da súa petición.

3. RESOLUCIÓN:

A Comisión de Valoración elaborará e presentará a proposta de acordo debidamente motivada á Concellería de Servizos Sociais do Concello de Burela, que a elevará, si a considera acertada e axustada á normativa, como proposta de acordo á Xunta Local de Goberno e será notificada ás asociacións previa fiscalización pola intervención municipal.

O prazo máximo de resolución será, como máximo, de 150 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención se divida polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplícase dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Burela, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do R.D. 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

SÉTIMA.- CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrência competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos ao ano 2025.

O cuantía da subvención concederáase segundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión.

O “valor do punto” obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma que obteñan polo menos 5 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 30 puntos na suma de todos os criterios.

Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

A. CRITERIOS RELACIONADOS COA ENTIDADE: Ata 20 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Segundo a experiencia no sector determinada pola maior implantación na vila, ata un máximo de 4 puntos graduados do seguinte xeito:





- a.- Entidades con 10 ou máis anos de antigüidade: sempre, 4 puntos.
- b.- Entidades cunha antigüidade de máis de 5 anos e menos de 10: sempre, 2 puntos.
- c.- Entidades cunha antigüidade igual ou menor de 5 anos: 1 punto.

2. Valorarase cun máximo de 6 puntos a achega financeira ao proxecto, aplicando a seguinte regra:

- a.- A entidade non achega recursos propios ao proxecto: 0 puntos.
- b.- A entidade achega recursos propios ata o 20% do importe do proxecto: 1 punto.
- c.- A entidade achega recursos propios de entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.
- d.- A entidade achega recursos propios de entre o 41% e o 60% do importe do proxecto: 4 puntos.
- e.- A entidade achega recursos propios de entre o 61% e o 80% do importe do proxecto: 5 puntos.
- f.- A entidade achega recursos propios de máis do 81% do importe do proxecto: 6 puntos.

3. Valorarase cun máximo de 10 puntos a posesión dun local social propio da entidade para realizar as actividades/o proxecto obxecto desta subvención:

- a.- A entidade realiza a actividade/proxecto obxecto da subvención nun local propio que conleva uns custes indirectos: 10 puntos.
- b.- A entidade realiza a actividade/proxecto obxecto da subvención en varias localizacións, sendo máis do 60% das horas destinadas ao mesmo nun local propio que conleva uns custes indirectos: 5 puntos.
- c.- A entidade realiza a totalidade da actividade/proxecto obxecto da subvención nun local ou localización allea á entidade que non conleva uns custes indirectos: 0 puntos.

B. CRITERIOS RELACIONADOS CO CONTIDO DO PROXECTO: ata 62 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada, máximo: 15 puntos, graduados do seguinte xeito:

- 1.a. Proxectos nos que se defina correctamente o ámbito de actuación, a finalidade, obxectivos, destinatarios concretos aos que se dirixe, resultados agardados, recursos necesarios, comunicación e publicidade da actividade a través de diferentes canles, fases do proxecto, etc: 15 puntos.
- 1.b. Proxectos nos que os obxectivos están definidos de xeito máis xeral, analizando unha determinada problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar beneficiarios/as concretos, pero que conteñen os aspectos máis importantes do mesmo, dos cales se deduxa a súa plena execución: 10 puntos.
- 1.c. Proxectos nos que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuacións que se pretenden levar a cabo: 3 puntos.

2. Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal, máximo: 15 puntos, graduados do seguinte xeito:

- 2.a. Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a actividade se realice cos/coas beneficiarios/as durante todo o ano, cun mínimo de 100 horas/mes e durante un mínimo de 10 meses: 15 puntos.
- 2.b. Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a





- actividade se realice cos/coas beneficiarios/as durante todo o ano , cun mínimo de 50 horas/mes e durante un mínimo de 6 meses: 8 puntos.
- 2.c. Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e teñan unha programación mínima da actividade para un trimestre, cun mínimo de 12 horas/mes: 2 puntos.
- 2.d. Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a programación sexa inferior a un trimestre: 1 punto.
3. Coherencia das aplicacións orzamentarias cos obxectivos do proxecto: máximo 12 puntos.
- 3.a. Proxectos que presenten unha estudada viabilidade, un presuposto ben elaborado, distribuindo o custe total do seu proxecto anual nos custos mensuais nos que dura o proxecto, que conteñan custe de persoal, custos indirectos como os suministros e outros gastos derivados da actividade subvencionada na partida de gastos e conteña tamén as diferentes fontes de financiamento para o proxecto: 12 puntos
- 3.b. Proxectos que presenten un presuposto, indicando os custes indirectos que ocasiona a execución do mesmo: 2 puntos.
- 3.c. Proxectos que presenten un presuposto do custo dunha actividade puntual no que indique só o gasto global para a súa execución: 1 punto.
4. Proxectos singulares de especial interese social: outorgarase ata un máximo de 10 puntos aos proxectos presentados polas entidades sociais que incidan directamente nestes dous ámbitos:
- 4.a. Acompañamento e asistencia ás persoas maiores que vivan soas, que sexan dependentes ou padezan algunha enfermidade.
- 4.b. Acompañamento e asistencia ás persoas con discapacidade.
5. Número de beneficiarios do proxecto: outorgarase ata un máximo de 5 puntos.
- 5.a. Máis de 20 beneficiarios/as empadroados en Burela: 5 puntos
- 5.b. Entre 11 e 20 beneficiarios/as empadroados en Burela: 3 puntos
- 5.c. Menos de 11 beneficiarios empadroados en burela: 1 punto
6. Emprego da lingua galega na realización e difusión do proxecto: puntuación: Ata 5 puntos

Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 5 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 30 puntos na suma de todos os criterios.

A axuda non poderá superar a contía de 5.000€ por entidade.

OITAVA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro dos prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

- Realizar a actividade subvencionada.
- Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.
- O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.
- Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que fagan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.
- Aportar os datos que se soliciten por parte da Concellería de Servizos Sociais no referente á





- preparación, desenvolvemento e organización da actividade.
- f. Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.
 - g. Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.
 - h. Deberán empregar o logotipo do Concello de Burela, ou outro que se acorde, en todas as actividades e comunicacións que haxan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración da Concellería de Servizos Sociais do Concello de Burela en todas as publicacións, carteis, documentación impresa das actividades.
 - i. Autorizar a publicación da información detallada sobre o proxecto de actividade a desenvolver ou sobre a actividade desenvolvida na web do Concello de Burela ou en calquera outro medio ou soporte.
 - j. Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Burela, a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Burela novas subvencións.
 - k. Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

Serán de aplicación así mesmo as obrigas do artigo 14 L.X.S. e artigo 11 LSG.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación finalizará o 19 de novembro de 2025.

2.-DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

2.1. A obriga de xustificar a achega concedida deberá ser cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO III destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

- Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación da entidade beneficiaria de que foi cumprida a finalidade para a cal se outorgou a subvención.
- Conta xustificativa dos gastos realizados.
- Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago.
- Documentación xustificativa, no seu caso, doutras subvencións para o mesmo fin.

Non se permitirán pagos en efectivo por importe superior a cincocentos euros (500 €). No caso de realizar pagos en efectivo, no documento xustificativo deberá figurar a expresión “recibín en metálico”, así como, firma e selo do emisor/proveedor.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da lei 38/03, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

2.2. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social





TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

2.3. Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración da Concellería de Servizos Sociais do Concello de Burela. Respectando en todo momento o criterio de proporcionalidade na publicidade da actividade. A citada acreditación farase coa indicación de patrocinio do Concello de Burela e co seu escudo.

2.4. Orixinal ou copia compulsada dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, pola imposibilidade técnica actual de proceder á súa consulta.

2.5. Declaración responsable do representante da entidade, se é o caso, de que está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

Ao respecto das correspondentes comprobacións estarase ao disposto na L.X.S. e na L.S. de Galicia.

2.6. No caso de proxectos vinculados ao reparto de alimentos ou prestación de servizos básicos (alimentación, vivenda, apoio económico directo), a entidade beneficiaria deberá presentar obrigatoriamente:

- Unha relación nominal das persoas usuarias atendidas, indicando o seu DNI e a condición de estar empadroadas no Concello de Burela.
- Xustificación da situación de risco ou exclusión social mediante informe social, certificado oficial de prestacións ou documentación acreditativa de ingresos anuais.
- Número de persoas beneficiarias por unidade familiar e frecuencia da atención.
- Resumo económico do valor estimado da axuda recibida por cada persoa/unidade familiar.

Estes datos terán carácter confidencial e estarán sometidos á normativa de protección de datos. O incumprimento desta obriga suporá a perda da subvención concedida e a imposibilidade de optar a novas convocatorias durante un período de dous anos.

3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.

As xustificacións deberán presentarse obrigatoriamente no rexistro electrónico do Concello de Burela (<https://burela.sedelectronica.es>), de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán xustificacións que incumpran o establecido no parágrafo anterior, téndose por non presentadas cando a entidade interesada teña a obriga de relacionarse coa administración por medios electrónicos.

Para os efectos da xustificación documental, admitiranse copias sempre que en cumprimento do disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo ao rexistro da xustificación e a elaboración da copia, se reflectise sobre o orixinal da factura unha estampilla co selo do concello de Burela, ou ben coa seguinte mención “factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Burela” por parte do persoal de intervención.

4.-TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención a entidade deberá de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como nas fiscais co Concello de Burela.





DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 33 da L.S. de Galicia

UNDÉCIMA.- OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Burela

DUODÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións, Lei de Subvencións de Galicia e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/1995).

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Disposición adicional primeira.

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

Disposición adicional segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello a para o exercicio de 2025, na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Burela, publicada no BOP de 1 de outubro de 2005, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento, en canto resulte de aplicación, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Estarase así mesmo ao disposto na referida normativa para o suposto de existencia de contradición.





ANEXO I – SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROXECTOS/ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS	ANO: 2025
---	--------------

REPRESENTANTE DA ENTIDADE:

Nome e apelidos (Presidente/a entidade)	DNI
Teléfono de contacto	Mail de contacto

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome completo da entidade	NIF
Enderezo Fiscal	Localidade, código postal, provincia
Data e/ou Núm. Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións Municipal.	Enderezo sede central ou delegación permanente en Burela.
Teléfono de contacto	Mail de contacto
Nº Asociados empadroados en Burela	Nº de Asociados totais

DATOS DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO

CUSTO TOTAL DO PROXECTO (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	% COFINANCIAMENTO POLA ENTIDADE
-----------------------------	---------------------------	---------------------------------





FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)

ENTIDADE		IMPORTE
1.	CUSTO TOTAL	
2.	SUBVENCIÓN SOLICITADA	
3.	OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)	
4.	ACHEGA PROPIA	
5.	ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFIQUE O ORGANISMO)	
6.	OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (IDENTIFIQUE O ORGANISMO)	

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO

NOME E APELIDOS		
ENDEREZO	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

DOCUMENTACIÓN

a) Declaración responsable do Presidente/a da entidade segundo o Anexo II.

b) Breve memoria do proxecto/actividades desenroladas no ano anterior.

c) Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades por realizar
- Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto.
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.
- Autoavaliación da execución do proxecto, facendo mención aos criterios obxecto de valoración e documentación con valor probatorio de ditos criterios.

d) Imaxes (carteis, trípticos ou outros empregados para difundir o proxecto) e enlaces de publicacións en prensa e/ou redes sociais onde se mencione á Concellería de Servizos Sociais do Concello de Burela como colaboradora da actividade subvencionada.

e) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

f) Copia do NIF da entidade.

g) Copia dos estatutos da entidade

h) Certificación orixinal da entidade asinada polo secretario/a onde faga constar que





dispón de sede central ou delegación permanente no concello de Burela, indicando o enderezo da mesma.

i) Certificación orixinal da entidade asinada polo secretario/a onde figuren os membros da actual xunta directiva. Certificación, no seu caso, que acredite a súa inscrición no rexistro correspondente.

j) Declaración xurada do representante legal da entidade conforme non recibiu ningunha outra axuda, subvención ou patrocinio doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas para a mesma actuación/actividade.

k) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

LUGAR E DATA

En _____, a ____ de _____ do 2025

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, de Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Burela e ás bases de datos de xestión municipal e dos Servizos Sociais. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán se cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora o tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable (Concello de Burela). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos.





ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROXECTOS/ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS	ANO: 2025
---	--------------

Nome e apelidos Presidente/a	DNI
------------------------------	-----

Presidente/a da seguinte asociación, e actuando na súa representación (datos da entidade):

Nome	NIF
------	-----

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Burela para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións sociais no exercicio 2025, e que non estou incurso de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.
- Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Burela, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.
- Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello da Burela poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Que os datos da conta bancaria do/da solicitante da axuda onde se solicita a transferencia bancaria no caso de ser beneficiarios da subvención solicitada son os seguintes:

NOME DA ENTIDADE BANCARIA
NÚMERO DE CONTA BANCARIA





SINATURA DO/A SOLICITANTE

LUGAR E DATA

En _____, a ____ de _____ do 2025

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, de Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Burela e ás bases de datos de xestión municipal e dos Servizos Sociais. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán se cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora o tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable (Concello de Burela). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos.





ANEXO III – CONTA XUSTIFICATIVA

SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROXECTOS/ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS	ANO: 2025
---	--------------

NOME DO PROXECTO

--

DATOS ENTIDADE

Nome completo da entidade	NIF
Enderezo	Localidade
Tfno.	Enderezo electrónico

RESPONSABLE DA ENTIDADE

Nome	DNI
------	-----

DECLARO:

a)Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Burela para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións sociais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2025, resultando acadados os obxectivos propostos.

b)Que a entidade que represento recibiu unha subvención de _____ euros e realizáronse os gastos que se relacionan:

FACTURAS:

Proveedor / Empresa	NIF	Nº Factura	Data Factura	Concepto	Importe

Cod. Validación: 4QJL5ZNP4H2FL72XZGTWYNWS
Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 20

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945





				Total gastos	

NÓMINAS PRESENTADAS COMO XUSTIFICACIÓN:

TRABALLADOR/A	NÓMINA MES	BRUTO NÓMINA	S.S. EMPRESA	CUSTO TRABALLADOR/A	IMPORTE APLICADO SUBVENCIÓN

c) Que os gastos que arriba se detallan son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.

d) Que a Entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Burela.

e) A esta entidade SI / NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade.

Relación de axudas concedidas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)	Importe

f) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.





g) Que a actividade foi realizada dacordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención, e que o custo total de dita actividade foi de _____ €.

h) Que se acompañan as facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente esixidas na Base Novena. Terase en conta como importe xustificativo a base impositivo do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

Esta entidade SI / NON está obrigada a presentar declaración por IVE.

i) Que os gastos que constitúen rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención foron practicados, declarados, liquidados e ingresados na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

j) Que a asociación está actualmente ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Burela.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

LUGAR E DATA

En _____, a _____ de _____ do 2025

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, de Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Burela e ás bases de datos de xestión municipal e dos Servizos Sociais. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora o tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable (Concello de Burela). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos.

Cod. Validación: 4QJL5ZNP4AHZFL72XZGTWYNWS
Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 20





GUIÓN A SEGUIR PARA A MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

A. SOBRE A ENTIDADE

1. Datos da Entidade solicitante

Nome da entidade, NIF, natureza xurídica (asociación, cooperativa...), número de Rexistro de Entidades, horario habitual de atención, persoa responsable do proxecto.

2. Ámbito prioritario de intervención da entidade.

Temático, poboacional ou por destinatarios/as (acción social, familias, nenos/as, xente maior, persoas dependentes, persoas recién chegadas, persoas con necesidades específicas, poboación en xeral...)

3. Principais proxectos e/ou servizos desenvolvidos.

4. Recursos técnicos e materiais.

Recursos humanos (profesionais asalariados-as/colaboradores-as/voluntarios-as...); equipamentos ou espazos propios e outros

B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO

5. Identificación.

Denominación, modalidade ou ámbito temático prioritario que aborda, lugar de realización da actividade ou servizo, persoas destinatarias, outras entidades colaboradoras, data de inicio e data de finalización.

6. Breve descrición.

Resumo do proxecto, antigüidade do proxecto, orixe da idea, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade de desenvolvemento, etc.

7. Finalidade do proxecto.

Situación sobre a que se require intervir, o reto do proxecto.

8. Obxectivos.

Obxectivo xeral (acción xenérica que dá sentido ao proxecto), obxectivos específicos (accións concretas e ben definidas que se queren alcanzar).

9. Resultados esperados.

O impacto concreto que terá a vosa acción unha vez levada a cabo. Sistemas de seguimento e avaliación previstos.

10. Recursos mínimos necesarios para desenvolver o proxecto.

Humanos (número de persoas que colaborarán no proxecto), infraestruturas (locais, instalacións, equipos técnicos), materiais (o que teredes que alugar ou comprar, funxible ou non), económicos (capital mínimo para poder executar o proxecto).

11. Plan de viabilidade económica do proxecto.

Gastos previstos, por tipoloxías (en recursos humanos, material, transporte, infraestruturas, viaxes e desprazamentos, dietas, seguros, publicidade e outros). Total de gastos previstos. Ingresos previstos (os aportados pola entidade, esta subvención, outras subvencións previstas, cuotas asociados, outros). Total ingresos previstos.

12. Plan de comunicación e publicidade.

Produtos que se previron (carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de man, bandoleiras, web, outros medios de difusión). Campañas ou accións concretas de difusión.

13. Fases do proxecto (actividades relevantes e calendario básico)

Fases (denominación e breve descrición de cada unha), actividades relevantes de cada fase (breve descrición do que vai pasar), calendario básico (datos do inicio e de finalización de cada actividade descrita).



